

A imaxe

A imaxe

Aínda que dende un principio a palabra “*imaxe*” está relacionada coa representación de obxectos coñecidos (ven do latín “*imago*” que significa figura, sombra, etc), na actualidade a imaxe, verdadeiro eixe da comunicación visual, sobrepasa a mera representación para converterse en campo de experimentación alterando incluso a realidade, transformándoa e propiciando novas experiencias visuais.

Ata que se poidan reproducir orixinais por medios mecánicos (gravados, litografía, imprenta, etc) a través da imaxe, as artes plásticas baseábanse na exploración individual que realiza o artista investigando novos materiais e procedementos e permitindo cos avances técnicos novas formas de representación e interpretación da imaxe.

O *debuxo, a escultura e a pintura* foron durante moitos séculos os únicos medios de comunicación, baseados na imaxe, estritamente plásticos.

Coa proliferación da imprenta e a divulgación de todo tipo de obras, foi posible popularizar algúns medios gráficos. A revolución industrial do século XVIII propiciou a especialización de certas facetas do debuxo.

O *debuxo industrial* servía para a descrición de maquinaria. O *deseño arquitectónico* ilustraba a construción de edificios. A principios do século XIX aparece o *deseño gráfico* nas súas mil variantes (cartelismo, prensa, etc) e o *deseño de obxectos*, propiciado polo movemento modernista.

A posibilidade de popularizar os procesos visuais xorde a partir da primeira impresión dunha imaxe por procedementos químicos. Isto acadase no ano 1826 grazas ós avances do francés Niepce. O experimento deste francés dará lugar ó que hoxe coñecemos como *fotografía*.

Pintura, escultura, debuxo

Deseño industrial

Deseño arquitectónico

Deseño gráfico

Deseño de obxecto

Fotografía

En 1895 os irmáns Lumiere poñen as imaxes fotográficas en movemento cun proxector ó que denominaron cinematógrafo. Deste xeito, nace o cinema e con el a posibilidade de que un grande número de persoas puidese acceder ás mesmas imaxes e polo tanto, ó mesmo mensaxe visual.

Dende principios do século XX, os experimentos no estudo da electricidade e as ondas sonoras lograron avances importantes, que deron lugar ó nacemento do teléfono e a radio.

En 1936 comezou a emitir a primeira emisora normalizada de **televisión** en Londres. Este momento sería o punto de partida para que no futuro chegasen mensaxes visuais a todos e cada un dos fogares do mundo.

O acceso á visión de obra gráfica no século XV estaba limitado a uns poucos; no XVII só algúns posuían gravados ou litografías e no XIX a prensa e o cartel comezan a extenderse gracias á xeralización das imprentas permitindo grandes tiradas (gracias ó vapor que as move).

Unha mensaxe visual pode chegar a centos de persoas e resulta imprescindible para alguén que teña algo que vender. Nace a publicidade tal e como a entendemos na actualidade.

Hoxe en día coa televisión non son centos senón millóns os que reciben a mensaxe publicitaria ó mesmo tempo. Os xornais e as revistas chegan diariamente á porta de cada casa e os carteis publicitarios inundan a paisaxe urbana actual.

Coa chegada dos medios informáticos nace a posibilidade de inventar **no ordenador** imaxes, obxectos e espazos imposibles. A informática fai que sexa aínda máis difícil a distinción entre a realidade e a fantasía.

Só o sentido común pode darnos pistas que nos permitan saber se o que vemos é posible ou non.

Televisión

Medios de masas

Ordenador